

Agora



Vigo

IDEAS CLARAS

**30 propostas
urxentes e
importantes**

ELECCIÓNS MUNICIPAIS 2019

Unha cidade para traballar e vivir con dignidade

1. Duplicar o **Plan Municipal de Emprego** e impulsar a **reindustrialización sustentábel** da cidade.
2. Creación dun **Centro Metropolitano para o Impulso Tecnolóxico e o I+D+i**, para facer de Vigo a **capital galega da innovación**.
3. **Apoiar o pequeno e mediano comercio** e declarar a cidade como **zona saturada de grandes áreas comerciais** cunha moratoria por dez anos na concesión de novas licenzas.

Máis política social para humanizar de verdade

4. **Acabar co colapso dos servizos sociais do Concello de Vigo**, aumentando o orzamento e dotándoos do persoal necesario mediante equipas multidisciplinares e **revertendo a privatización dos seus programas**.
5. Posta en marcha dunha **Renda Social Municipal** de carácter complementario con outros ingresos (RISGA...).
6. **Plan municipal de axuda ao alugueiro**, cun parque municipal de vivendas a prezos asequíbeis e **vivendas de emerxencia** para persoas en risco de exclusión social.

Un Vigo de iguais e de oportunidades para a mocidade

7. Creación de **dous novos centros de información dos dereitos das mulleres** en Coia e no Calvario.
8. Posta en marcha dun **Plan de apoio para os coidados**, en colaboración con outras institucións.
9. **Plan de choque contra o desemprego xuvenil** e liña de **microcréditos municipais para apoiar o emprendemento** e o autoemprego.

Cero recortes, máis servizos

10. Unha **fiscalidade municipal progresiva**, facendo que pague quen máis ten e aliviando a presión fiscal sobre as persoas con menos recursos.
11. Impulsar unha axenda de **rescate progresivo dos servizos públicos privatizados**, dando prioridade neste rescate ao transporte e a xestión da auga e do saneamento.
12. **Defender o dereito das viguesas e os vigueses a uns servizos públicos, universais, gratuitos e de calidade**, a principiar polo ensino e a sanidade públicas.

Devolver o Concello á veciñanza

13. **Novo regulamento de Participación cidadá** e posta en marcha dos **Orzamentos participativos**.
14. Creación dos **Consellos Veciñais de Barrios e Parroquias**, como espazos de codecisión.
15. Realización de **iniciativas populares a nivel municipal**, como medio para trasladar ao Pleno propostas e peticións sociais e veciñais.

Reconciliar a cidade co seu medio natural

16. Elaboración dun **Plan director dos residuos urbanos**, que permita abandonar o modelo de Sogama, con base na redución, reutilización e reciclaxe.
17. **Aumentar a protección e a recuperación ambiental dos nosos montes, do río Lagares e da faixa litoral**, opoñéndonos a calquera novo recheo na Ría.
18. Impulsar **medidas en favor do benestar animal** e poñer fin ao modelo exhibicionista de Vigozoo.

Un deseño urbano humano, compacto, sostíbel e vertebrado

19. **Elaboración, coa máxima transparencia e participación veciñal, dun novo Plan Xeral de Ordenación Municipal** que aposte, cun desenvolvemento urbanístico racional e axustado ás necesidades reais, no deseño dunha cidade policéntrica e vertebrada desde os barrios e parroquias, ambientalmente sustentábel, con disciplina urbanística, coa máxima seguridade xurídica con mecanismos de control máis abertos e participativos.
20. **Mellora substancial do transporte urbano**, cun novo mapa de liñas, aumento das frecuencias, redución dos tempos de traxecto, mellora da conexión con infraestruturas básicas como o Hospital Álvaro Cunqueiro, e a implantación de liñas con algunha modalidade de transporte articulado (tranvía, trolebus, metro lixeiro...).
21. Garantir a atención de todo o territorio da cidade, **acabando co abandono dos barrios e das parroquias**.

Somos cultura, temos lingua!

22. **Promoción activa do galego**, xeneralizando o seu uso social en todos os ámbitos e garantindo que sexa a lingua vehicular de toda a actividade municipal.
23. Creación **dunha rede de bibliotecas de barrio** e posta en marcha dun **plan municipal de animación á lectura**.

24. **Desenvolvemento do Plan de musealización e da Rede museística**, ampliando horarios de visita e dinamizando os espazos expositivos.

Máis deporte, máis saúde

25. **Desenvolvemento dos programas da Rede europea de cidades saudábeis.**
26. Posta en marcha de programas de **difusión de hábitos de vida e alimenticios saudábeis.**
27. **Fomentar a práctica deportiva** coa dinamización das instalacións deportivas municipais e impulsando a **reforma integral das Pistas de Atletismo de Balaídos.**

Unha cidade motor de todo un País

28. Impulsaremos de maneira decidida **a creación, efectiva, e a posta en marcha da Área Metropolitana de Vigo**, recuperando o consenso e cun marco competencial claro e un calendario de traspaso de competencias e de financiamento.
29. Demandaremos tanto do Estado como da Xunta de Galiza que poña fin ao abandono de Vigo co **desbloqueo efectivo dos investimentos na nosa cidade**, destacadamente no ámbito das infraestruturas.
30. Apostamos decididamente polo **desenvolvemento das potencialidades do Eixo Atlántico** e pularemos **pola cooperación estábel e continuada entre os concellos das 7 grandes cidades galegas.**